



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdere.i.com

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO
CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 22 DE XULLO DO ANO DOUS MIL TRECE**
ASISTEN:

PRESIDENTE

D.Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira

D. José Ramón García Vázquez

D. Horario Rouco Ferro

D^a. Ángela Pérez Vázquez

D^a. Noelia Vázquez Paredes

D. José Sabino Prieto Vázquez.

Posteriormente incorporouse

D. Amando Sande Agra

SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL

D. Carlos Ouro Villamor

Faltou con escusa o Concelleiro :

D. Antonio Blanco Estevo

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

Sendo as catorce horas do día vintedous de xullo do ano dous mil trece, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello o Pleno da Corporación en sesión ordinaria e en primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a



presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor Accidental D. Carlos Ouro Villamor, que da fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS VINTE DE MARZO, E TRINTA DE ABRIL DE DOUS MIL TRECE.- O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer ás actas das sesións ordinaria e celebrada o día 20 de marzo do 2013 e extraordinaria e celebrada o día 30 de abril do 2013.

O Portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Rouco Ferro considera que a acta da sesión ordinaria do día 20 de marzo de 2013 está ben redactada pero non recolle unha pregunta formulada polo portavoz socialista referida a: ¿"onde están instaladas as bandas reductoras de velocidade ? e anuncia que por esta razón os membros do seu grupo que asistiron a esa sesión votaran en contra da súa aprobación . Non se formulan máis alegacións se sometida a votación non aproban a acta da sesión ordinaria do 20 de marzo de 2013 os Concelleiros D . Horacio Rouco Ferro, D^a. Angela Vázquez Pérez, D^a. Noelia Vázquez Paredes e Sabino Prieto Vázquez.Votan a favor da aprobación os Concelleiros D.José Ramón Garcia Vázquez, María Cristina Lodeiro Castiñeira, D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira e Pablo José Taboada Camoira. Producido un empate na votación, procédese a unha segunda votación decidíndo o voto de calidade do Sr. Presidente a favor da aprobación da acta de 20 de marzo de 2013

Respecto da acta da sesión extraordinaria celebrada o día 30 de abril de 2013 o portavoz do Grupo Municipal Socialista tamén manifesta que votaran non a aprobación de esta acta porque non recolle todo o manifestado polo portavoz socialista en dita sesión , si ben recoñece que o recollido na acta esta ben.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax: 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

Non se formulan máis alegacións se sometida a votación non aproban a acta da sesión extraordinaria e celebrada o día 30 de abril de 2013 os Concelleiros D. Horacio Rouco Ferro, D^a. Noelia Vázquez Paredes e Sabino Prieto Vázquez. Votan a favor da aprobación os Concelleiros D. José Ramón García Vázquez, María Cristina Lodeiro Castiñeira, D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira e Pablo José Taboada Camoira.

PUNTO SEGUNDO. - DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 71/2013 ó 273/2013, ambos incluídos.

PUNTO TERCEIRO. - APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2012.

Vista a Conta Xeral do exercicio de 2012, xunto con toda a súa documentación anexa a mesma, que establece a lexislación vixente.

Visto o informe de Intervención emitido sobre ela, así como o ditame da Comisión de Contas emitido en data 21 de maio de 2013.

Visto que durante o período de exposición público non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, según consta no certificado emitido por Secretaria en data 3 de xullo de 2013.

Iniciado o debate da conta xeral do exercicio de 2012 intervén o portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Rouco Ferro que reitera a posición do seu grupo respecto de que o orzamento municipal incumpre o principio de estabilidade orzamentaria, como xa manifestou no seu momento e sendo coherente con esta posición e a vista o informe de Intervención donde tamén se di que a conta xeral



incumpre este principio de estabilidade orzamentaria o grupo municipal socialista votará en contra da aprobación da conta xeral do exercicio de 2012.

Intervén a continuación o Portavoz do Grupo Municipal Popular Sr. Pensado Barbeira quen tamén reitera que pola mesma razón que o grupo municipal socialista, pero a inversa, votará a favor da aprobación da conta xeral do exercicio de 2012.


Incorporase a sesión o Concelleiro Sr. Sande Agra, quen e informado do contido deste punto terceiro que estase a debater.

Non se producen máis intervencións e sometido a votación o Pleno da Corporación, por cinco votos a favor que corresponden os Concelleiros do Grupo Municipal Srs: García Vázquez, Lodeiro Castiñeira, Pensado Barbeira, Sande Agra e Taboada Camoira e catro votos en contra que corresponden os Concelleiros do Grupo Municipal Socialista Srs: Rouco Ferro, Pérez Vázquez, Vázquez Paredes e Prieto Vázquez, adoptou os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a conta Xeral do exercicio de 2012, tal e como se dispón no paragrafo 4 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2º.- Que unha vez debidamente aprobada se renda dita conta ó Consello de Contas, de conformidade có disposto no paragrafo 5 do artigo 212 do aludido Real Decreto Lexislativo.

De conformidade có disposto no art. 91.4 do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, unha vez rematados os asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar o turno de rogos e preguntas o Sr. Presidente pregunta si algún grupo Político desexa someter a consideración do Pleno, por

The image shows a circular official stamp of the Ayuntamiento de Vilalba. The text around the perimeter of the stamp includes 'AYUNTAMIENTO DE VILALBA' at the top, 'CONCELLEIRO' on the left, and 'ALCALDE' on the right. In the center of the stamp, there is a blue ink signature that appears to be 'N. M.'. A large blue ink mark, possibly a checkmark or a stylized signature, is drawn over the bottom right portion of the stamp.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Ambos grupos municipais, Grupo Municipal Popular e Grupo Municipal Socialista ante a prevista reforma dos Rexistros Cívís, presentan conxuntamente a seguinte **Moción**

O Grupo Municipal Popular e o Grupo Municipal Socialista de Palas de Rei, a través dos seus Voceiros D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira e D. Horacio Rouco Ferro, respectivamente de conformidade co previsto no artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro de 1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co **"MANTEMENTO DO SERVIZO DE REXISTRO CIVIL NOS XULGADOS MUNICIPAIS"** formulan a seguinte **Moción** para que sexa incluída no Orde do Día a consideración do Pleno da Corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prevista reforma do Rexistro Civil pon de manifesto a intención do Ministerio de Xustiza de eliminar os Rexistros Cívís dos xulgados municipais para pasar a ser competencia dos Rexistros da Propiedade. Isto significa poñer importantes trabas á veciñanza para acceder a un servizo que con frecuencia utilizan por necesidades ou obrigacións administrativas: solicitudes de trámites diversos relacionados con nacementos, filiación, defunción, matrimonio, etc.

Deste xeito, afastaríase dos pequenos concellos os Rexistros Cívís, provocando un trastorno por ter que desprazarse a cidades de maior poboación e un prexuízo económico, polos gastos de desprazamento e porque os



Rexistros da Propiedade cobrarían por este servizo, vulnerándose así os dereitos de gratuidade e de servizo público e universal.

Esta intención de eliminar os Rexistros Cívís traerá probablemente a desaparición dos Xulgados de Paz dos concellos máis pequenos, a pesar das importantes funcións que realizan: consultas, conciliacións, xuízos de faltas..., volvendo producir os mesmos trastornos que supón a eliminación dos Rexistros Cívís ademais de saturar outros xulgados polas competencias que ven realizando os Xulgados de Paz de xeito habitual.

Polo tanto, a desaparición dos xulgados e rexistros dos concellos pequenos sería un grave prexuízo para a veciñanza destes pobos, pois a través destes organismos resollen moitas das súas necesidades e problemas cotiás dun xeito fácil e próximo, esquecendo así o noso obxectivo de progreso, que non é outro que **acercar a administración ó cidadán.**

Por todo o anterior exposto, o Grupo Municipal Popular e O Grupo Municipal Socialista, **PROPOÑEN** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza para que demande do Goberno do Estado Español o mantemento do servizo de Rexistro Civil nos xulgados de todos os concellos para garantir os dereitos da cidadanía a un servizo universal, público e gratuíto.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado Español e ao Ministro de Xustiza.

Declarada a urxencia da Moción, por unanimidade dos nove membros presentes, iníciase o debate da Mesma na que ambos grupos municipais a través dos seus voceiros mostran a necesidade de manter o servizo de Rexistro Civil nos xulgados de todos os concellos para garantir os dereitos da cidadanía a un servizo universal, público e gratuíto.





PLENO 20 DE MARZO DE 2013

Presunta 2.- En relación cós seguintes expedientes 2011/000184-2; 2011/000185-2; 2011/000186- 2;2011/000187-2; 2011/000188-2; 2011/000189-2; 2011/000190-2; 2011/000191-2 e 2011/000192-2 da Consellería de Traballo polos que se concedeu o Concello de Palas de Rei un total de euros 366.340,68 , ó abeiro da "Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2011 (Diario Oficial de Galicia número 10, do 17 de xaneiro de 2011), Programas de cooperación con entidades locais: subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social", facémoslle as seguintes preguntas:

a) ¿Cántos candidatos se presentaron en cada expediente?.-

Resposta: os que remitiu a oficina de emprego de Chantada

b) ¿Cáles foron os criterios de selección empregados para contratar os traballadores?

Resposta: Os que figuran na propia orde .

c) ¿Quen foron os membros dos tribunais de selección ou as respectivas comisións de selección?.-

Resposta: No foron os mesmos en todos os casos, pero aparecen recollidos nos Decretos da Alcaldía e están en función da titulación requirida en cada caso.



d) ¿Cantos traballadores se contrataron con nomes e apelidos en cada expediente?

Resposta: Figuran perfectamente detallados pro cada obra ou servizo nos Decretos da Alcaldía.

e) ¿Cal foi a duración do contrato feito ó amparo de esta subvención e cada expediente citado?

Resposta: As duracións foron diversas e están entre seis e nove meses según establece a orde da convocatoria.

f) ¿Qué traballo desenvolveron os contratados?

Resposta: O que se marcaba na orde de axudas e na solicitude da subvención

g) ¿Que clase de obra ou servizo se atenderon por parte de este persoal?

Resposta : Os que marcaba a orde e os que se solicitaron

h) ¿Algunha persoa seleccionada traballou nalgún plan de cooperación en anos anteriores ou non?

Resposta: Descoñece si algún persoal participou nalgún plan anterior. En todo caso o persoal remitido pola cumpría os requisitos da orde, en caso contrario non serían remitidos pola oficina de emprego.

Todo o que acabo de respostar consta no expediente tramitado o efecto e o que vostede pode acceder e comprobar o que desexe.

Pregunta 3.- En Relación coas notas de reparo cós números 3,5,6,8,10,15,21,22,23,24,26,28,30,32,37,39,40,42,43,44,47,49,51,52,,58,60,61,62, 63,64, do ano 2012.

¿Algun dos citados reparos que levantou o Sr. Alcalde a través dun decreto, eran competencia do pleno?





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereia.com

Sometida a votación a proposta de acordo da Moción, esta foi aprobada por unanimidade dos nove Concelleiros asistentes a sesión.

PUNTO SEXTO . - ROGOS E PREGUNTAS.

a). - Preguntas: Neste apartado o Sr. Alcalde resposta ás seguintes preguntas formuladas polo portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Rouco Ferro en sesións anteriores:

Preguntas formuladas no Pleno ordinario do 15 de novembro de 2012

Pregunta 6ª. En relación co Decreto 326/2012, ¿Onde se executou a obra de "Adecuación e modernización de equipamentos comerciais Palas de Rei 2011 - Anualidade 2012.?"

Resposta: A obra a que vostede se refire foi executada polo propio Concello no ano 2012 e subvencionada pola Consellería de Economía e Industria, conforme o proxecto técnico que foi presentado a Mesa de Comercio Executouse exactamente como marcaba o proxecto técnico que vostede ten a súa disposición. Foi inspeccionada e pagada pola propia Consellería: O resto a información tena vostede no expediente de solicitude, execución e xustificación o que pode acceder. Estou seguro que pasou vostede por diante do Cartel colocado na Praza do Concello.

Pregunta 7ª.- En relación co Decreto 333/2012. formula as seguintes preguntas:

a). Onde está ou que é o concepto polo que se aprobou a factura 63/12?



Resposta: Coido que esta suficientemente detallado na descrición do material suministrado da propia factura. O Sr. Alcalde mostra a factura e da lectura o concepto de suministro que di: metro cadrado de de formigón pulido en piscina. Si precisa máis información pode acceder a factura.

b).- Con está ou que é o concepto polo que se emitiu a factura 398/2012.

Resposta: Tamén nesta caso coido que aparece suficientemente detallado na propia factura : xestión do punto limpo. transporte de residuos voluminosos

8º.- En relación có Decreto 337/2012 ¿ Qué se vai facer nesta obra?

Resposta: Xustamente o que marca o proxecto técnico obxeto da subvención aprobada pola Consellería de Medio Rural , mellora do entorno e acceso o Castelo de Pambre, ten vostede a súa disposición o proxecto técnico

9º.- En relación co Decreto 345/2012. ¿Quénes foron os membros do Tribunal? ¿ Cantos aspirantes se presentaron?

Resposta: Os que figuran no expediente tramitado, e nos Decretos da Alcaldía o efecto e o que vostede pode consultar.

10ª. ¿Cantos contratos de persoal laboral temporal, funcionarios, interinos ou persoal estatutario ou eventual se fixeron por este concello nos dez primeiros meses de 2012.

Resposta: Exactamente os mesmos que figuran nas resolucións da Alcaldía dos dez primeiros meses de 2012. Resultaralle fácil sumalos. Na súa maior parte foron contratos vinculados a subvencións .





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Se eran competencia do pleno, ¿cantos levantou por Decreto o Sr. Alcalde e cales foron?

Resposta: Acaba de coñecer o Pleno da Corporación a Conta Xeral do exercicio de 2012, e da que vostede solicitou unha copia e anteriormente foi coñecida pola Comisión de Contas , polo tanto dispón vostede, agora, da información necesaria e suficiente para facer esta comprobación .

Pregunta 4.- ¿De cantas prazas dispón o pavillón de deportes habilitado para pernoctar os peregrinos?.-

Resposta: O pavillón polideportivo utilízase soamente en casos de extrema urxencia cando os peregrinos non teñen outros sitios para pernoctar

5.- ¿De cantas prazas dispón o albergue municipal de peregrinos?

Resposta: De 46

As preguntas 6, 7, 8, 9, 10, e 11 refírense as subvencións a Empresas e din:

6.- ¿Cal foi o importe das subvencións concedidas a "Queixerías Castillo de Pambre"?

7.- ¿Cal é o importe das mesmas?

8.- ¿ Cal é a data de concesión?



9.- ¿Que finalidade pública e municipal tiñan estas subvencións?

10.- ¿Cal foi a fecha de certificación das mesmas por parte do concello?

11.- ¿Cal foi o importe anulado a empresa e fecha de pagamento

Resposta: A resposta a estas preguntas está recollida nos Decretos 345/2010 e 40/2011, dos que vostede xa ten copia, na Ordenanza Municipal que regula estas subvencións, no BOP do 14 de xaneiro de 2011, na Acta do Tribunal, no informe de valoración, en definitiva no expediente tramitado por este Concello e que vostede pode consultar.

Pregunta 12.- ¿Cantas empresas hai no concello de Palas que se acolleran a bonificacións do icio ata o día de hoxe?

13.- ¿Cal é o seu nome ou firma comercial?

Resposta: Están recollidas nos Decretos da Alcaldía:

Finalmente o Sr.Alcalde resposta da Pregunta de donde están situadas as bandas rugosas: nas inmediacións, do grupo Escolar do Centro de Saúde na Carretera de Monterroso e no Camiño de Santiago.

Rematada a contestación as preguntas pendentes de plenos anteriores o portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Rouco Ferro, formula neste momento ó Sr. Alcalde as seguintes:





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

1.-¿Por qué non se nos fixo entrega ó grupo municipal socialista do informe de Secretaria- intervención referido o seguimento do plan de axuste?

Con relación do Decreto 255/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

2.-¿ Para que sé contratou a póliza de seguros a Allianz nº 019419429, por importe de 1.154,73 €.

3.-¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

Con relación o Decreto 333/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

4.-¿ A que se refire a factura A 186 de Melimática?

Con relación o Decreto 224/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

5.- ¿Que cubre a póliza de seguros Mafre nº 0556080121865 por importe de 107,69€?

6.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

7.- ¿Que cubre a póliza de seguros Mafre nº 4839800075 por importe de 926,79€?

8.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

9.- ¿ A que se refire a factura 99,128 de Melimática, por importe de 666,64 €?

10.- ¿ A que se refire a factura 2022 de San Martín Forestal S.L., por importe de 4.591,27 €?

Con relación o Decreto 159/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

11.- ¿ A que se refire a factura 444 de Edén del paladar, por importe de 283,64 €?

12.- ¿Con quen comeu?



13.- ¿Que cousas se foron arreglar para o Concello?

14.- ¿ A que se refire a factura nº 164148 de Manuel Rei, por importe de 1.743,19€?

15.- ¿Que cubre a póliza de seguros Mafre nº 961070045280 por importe de 791,14€?

16.- Con relación o Decreto 189/2013, formúlase as seguintes preguntas:

17.- ¿ A que se refire a factura M/01 de Agrijardín, por importe de 3.751,00€?

18.- ¿ A que se refire a factura 30,31 de Norbel, por importe de 3.813,55€?

Con relación o Decreto 180/2013, formúlase as seguintes preguntas:

19.- ¿ A que se refire a factura 1/2013 de Desguaces Porrál por importe de 90.75€?

20.- ¿ Qué cubre a póliza nº 304060415036 de Reale Seguros Generales S.A. por importe de 758,85 €

21.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

22.- ¿ A que se refire a factura 11,14 de Fevisa por importe de 15.027,12 €?

Con relación o Decreto 172/2013, formúlase as seguintes preguntas:

23.- ¿ A que se refire a factura 926 de Sumiagua por importe de 652,72 €?

24.- ¿ Qué cubre a póliza nº 601/163841 de Mafre Familiar por importe de 182,51€

25.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

26.- ¿ Qué cubre a póliza nº 0961070043292 de Mafre Familiar por importe de 494,08€

27.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

Con relación o Decreto 170/2013, formúlase as seguintes preguntas:





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

28.- ¿Cal é o servizo público que motivou esta reclamación

Con relación o Decreto 159/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

29.- ¿ A que se refire a factura 72 de Veicar por importe de 5.293,75 €?

30.- ¿ Qué cubre a póliza nº 0004839800071 de Mafre Familiar por importe de 926,79€

31.- ¿Para contratar esta póliza, tal e como marca a lei invitáronse a outras tres compañías?.

32.- ¿ A que se refire a factura A/50 de Simer Grumerosa por importe de 1.218,39€?

Con relación o Decreto 104/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

33.- ¿ A que se refire a factura 23 de Simer Grumerosa por importe de 4.775,68€?

34.- ¿ A que se refire a factura 69 de Melimática por importe de 666,64 €?

Con relación o Decreto 145/2013, formúlanse as seguintes preguntas:

35 ¿ A que se refire a factura 1 de Ruben Prieto Ferro por importe de 2.178,00€?

b) Rogos: Neste apartado , o Sr. Pensado Barbeira solicita que neste momento sería ben para todos que o Sr. Alcalde de Palas de Rei, capitanease da mellor maneira que él considere oportuno, e dentro desa maneira non sería malo que os grupos municipais estiveran totalmente de acordo, unha defensa do asentamento dos peregrinos respecto das etapas marcadas polo Códice Calixtino e que considera a Palas de Rei, como final dunha etapa e inicio da penúltima.

Todos os membros da corporación mostran o seu apoio rogo exposto.



E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto e levanta a sesión ás quince horas e doce minutos do día de referencia, de todo o que eu, como Secretario Accidental, dou fé.

O ALCALDE



O SECRETARIO
ACCIDENTAL,

